



135 GRADUADAS E GRADUADOS REALIZARÁN A SÚA FORMACIÓN NA ÁREA SANITARIA DE VIGO

- *109 residentes de Medicina e 26 en Enfermería son o grupo ao que se deu a benvida de onte*
- *36 destes MIR farán a súa formación en Medicina Familiar, a mesma cifra que no ano 2023 e que fora récord do histórico dos anos*
- *26 EIR (tres máis que en 2023) elixiron Vigo para esta formación*

Vigo, 9 de maio de 2024. Cun acto no Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo deuse a benvida ás 135 persoas recentemente graduadas para desenvolver a súa formación e cursar a súa especialidade na Área Sanitaria de Vigo. Destas 135 persoas, 109 corresponden a facultativos en Medicina, e as 26 restantes a residentes en Enfermería.



Distribución semellante ao ano pasado

A distribución destas e destes especialistas realizouse de maneira semellante ao anos pasado. Así, a especialidade que conta cun maior número de residentes é Medicina Familiar e Comunitaria, cun total de 39 novas e novos residentes; o mesmo número que o ano pasado, que xa supuxo unha cifra récord no histórico da Área Sanitaria de Vigo naquel momento.

No que respecta á Enfermería, as 26 persoas que realizarán a súa formación a partir deste ano son 26 (21, en 2023), distribuíndose: 8 como matróon ou matrona, 4 en Pediatría e 2 en Saúde Mental. A maior parte destes e destas EIR farán a súa formación en Medicina Familiar e Comunitaria.